

# **INTRO – ANTE TODO MOITA CALMA – METODOLOXÍA A SEGUIR**

## **HISTORIA DA FILOSOFÍA 2020 - 21**

**2º BACH C      2º BACH D**

Ola a tod@s!!!

Empreguemos o sentido común e tentemos prepararnos o mellor posible nesta materia (tanto para aprobar ou sacar nota no curso, como para ir coas maiores garantías e probabilidades de sacar unha nota alta na ABAU quen así o decida.).

Ante todo calma. No tema do ditoso virus e no referente a este raro curso.

Situémonos. Estes son os estándares de aprendizaxe que nos mandou a CIUGA para todo o curso e que iremos traballando aquí de ser necesario:

### **ESTÁNDARES HISTORIA DA FILOSOFÍA CURSO 2020-21**

**COMO VEDES, HAI TRES BLOQUES HISTÓRICOS**

#### **A) FILOSOFÍA ANTIGO-MEDIEVAL**

**A ORIXE DO COSMOS NA CORRENTE PRESOCRÁTICA.  
DIALÉCTICA SOCRÁTICA E RELATIVISMO DOS SOFISTAS.  
REALIDADE E COÑECIMENTO EN PLATÓN.  
PLATÓN: ANTROPOLOXÍA E POLÍTICA.  
FÍSICA E METAFÍSICA EN ARISTÓTELES.  
ÉTICA E POLÍTICA EN ARISTÓTELES.  
O PROBLEMA RAZÓN/FE NA FILOSOFÍA MEDIEVAL.**

#### **B) FILOSOFÍA MODERNA**

**DESCARTES: O PROBLEMA DO MÉTODO E A EVIDENCIA DO  
COGITO.**

**O LIBERALISMO POLÍTICO DE LOCKE.  
HUME: CRÍTICA DAS IDEAS DE SUSTANCIA E CAUSALIDADE.  
RAZÓN E PROGRESO NA ILUSTRACIÓN.**

**OS LÍMITES DO COÑECEMENTO EN KANT.**

**A LEI MORAL EN KANT.**

**C) FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA**

**ALIENACIÓN E IDEOLOXÍA EN MARX.**

**NIETZSCHE: CRÍTICA DA CULTURA OCCIDENTAL.**

**ORTEGA Y GASSET: A RAZÓN VITAL.**

## **METODOLOXÍA A SEGUIR**

O que teño pensado é ir gravando audios dalgúns contidos presenciais dados na clase e, sobre todo, ir tentando rematar os contidos que falten, apartados concretos, avanzando cada páxina da teoría, procurando poñer exemplos e explicando aquelas palabras, conceptos, expresións, detalles que supoña vos van dar máis dificultades ou que considere de interese especial (E COMO NON, OS TEXTOS!!!!!!). **Ti escoitas a clase COS APUNTAMENTOS DIANTE, POR FAVOR!!!!** E una vez rematada “levantas a man” e envíasme un ou un cento de correos coas posibles dúbidas. A ver que tal. O curso pasado funcionou ben. Procurarei comezar cando se establezca algo máis a situación no centro e a miña propia (para ben ou para mal) coa “Orixe do cosmos na corrente presocrática” e lembrade, mentres haxa clases presenciais, o que vaia subindo debería axudar a poder seguir o curso con normalidade a quen estea en corentena, e a repasar (se o considera oportuno) o visto na aula para quen teña a sorte de poder asistir ao instituto presencialmente. No caso de “confinamento total”, tedes todo centralizado na “Aula Virtual” e tamén nesta páxina (como o curso pasado): apuntamentos, tarefas, exames, etc... “Vémonos”. Coidádevos!!!

# DÍAS DE CLASE

## "CORONAVIRUS" LOGO EXISTO

Lembrete, irei subindo as clases por días segundo nos corresponden no horario (é só unha idea a concretar segundo ordene a consellería, o insti, etc.) Ou sexa:

### **LUNS:**

Historia da Filosofía - 2º C

Historia da Filosofía - 2º D

### **MARTES:**

Historia da Filosofía - 2º D

Historia da Filosofía - 2º C

### **MÉRCORES:**

Historia da Filosofía - 2º C

### **XOVES:**

Historia da Filosofía - 2º D

Historia da Filosofía - 2º C

### **VENRES:**

Historia da Filosofía - 2º D